



BASES ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DEZ PEONS FORESTAIS PROGRAMA PEL CONCELLOS REACTIVA DA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA

Contratación laboral temporal de dous peóns forestais polo período de 6 meses conforme os requisitos establecido na R.P. núm. 2020/39428 de aprobación das bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes PEL-Concellos Reactiva 2021

SEGUNDA: REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para seren admitidos no proceso selectivo, as persoas candidatas deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter durante todo o proceso, os requisitos que se especifican a continuación:

Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois/españolas ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como as/os descendentes de ambos os cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas. As mesmas Oregas aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros/as que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Ter cumpridos os dezaioito anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte; acreditarase mediante certificado médico que xustifique que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e psíquicas e de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución

xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Requisitos establecidos pola convocatoria:

Os establecidos no punto 2.1 da Resolución núm. 2020/39428, “As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou no caso de existencia de listas de procesos anteriores, á data da convocatoria, e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual o superior al 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polos concellos no proceso de selección das persoas a contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais
- i) Persoas vítimas de violencia de xénero
- j) Persoas sen fogar”

TERCEIRA: PUBLICIDADE

Os candidatos serán solicitados o Servizo Galego de Colocación mediante oferta de emprego que recollerá os requisitos establecidos na Resolución núm. 2020/39428.

CUARTA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Tras recibir por parte do Servizo Galego de Colocación a listaxe dos demandantes de emprego que cumpren os requisitos, o técnico responsable, comunicará vía telefónica, SMS email ou outros medios, para comprobar a dispoñibilidade para participar no proceso.

Finalizada esta comprobación será elaborada a lista de aspirantes o proceso que será considerada como lista definitiva.

QUINTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. O tribunal cualificador designado pola alcaldía (en virtude do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e en base ó establecido pola Lei 2/2015 do emprego público de Galicia) estará integrado polos seguintes membros:



CONCELLO DE TORDOIA.- (A Coruña)

Pontepedra-Cabaleiros 15683 (TORDOIA-A Coruña) C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 - FAX.: 981.69.00.05

- Presidenta/e:
- Secretario:
- 3 Vogais

2. O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, a lo menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

3. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

4. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.

SEXTA: SISTEMA DE SELECCIÓN

O proceso de selección quedará supeditado en todo momento os criterios establecidos na Resolución núm. 2020/39428. O concello realizará a selección e a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego No proceso selectivo, valorarase como mérito ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas. A tal fin terá que aplicar o previsto na lexislación vixente sobre a protección e fomento do emprego do persoal en risco de exclusión social, á que se fai referencia no apartado 2.1 das bases.

SÉTIMA: CONTRATACIÓN

Conforme o establecido no punto 7, Os contratos serán realizados a xornada completa utilizando a modalidade de contratación mais axeitada e polos períodos establecidos na solicitude da correspondente subvención:

OITAVA: RETRIBUCIÓN

As retribucións brutas mensuais estipuladas serán as seguintes:

- Peóns: 1108,33 euros brutos mensuais (950 € mais 158,33 € de prorrata da extra).

NOVENA: FORMACIÓN DE LISTAS DE RESERVA

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para a súa contratación, e superaran todos os exercicios, elaborárase unha lista de reserva, por orde decrecente de puntuación, os cales poderán ser chamados para futuras contratacións, derivadas de baixas, substitucións, etc.

A vixencia da citada lista será a mesma que o período de contratación dos traballadores que resulten tras o presente proceso selectivo. Se un/unha aspirante renuncia á contratación será borrado da lista. Se presenta a súa renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da lista.

DÉCIMA: RECURSOS

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 01 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En Tordoia a 5 de maio de 2021

O Alcalde

Eduardo Antonio Pereiro Liñares